


AECT Rio Minho participa no evento *The European Week of Regions and Cities*

O pasado 14 de outubro rematou o maior evento anual dedicado ás políticas de cohesión: *The European Week of Regions and Cities* (#EURegionsWeek). Debido á pandemia COVID-19, e tal e como sucedeu no 2020, o evento foi online, a través dunha plataforma de comunicación que reuniu a máis de 10.000 participantes de rexións e cidades de toda Europa, incluíndo políticos, técnicos, especialistas e académicos.

Por invitación da ARFE e da DG REGIO, o AECT Rio Minho participou no workshop *EU Border Regions: Living labs of European Integration*, compartindo un vídeo de testemuños sobre a participación do AECT Rio Minho iniciativa *b-solutions* co caso *MOBITRANS – Boosting Minho River Cross-Border Mobility*. Co apoio da iniciativa *b-solutions* o AECT Rio Minho conseguiu atopar unha solución á escasez de servizos de transporte público transfronteirizo por estrada e construír, en colaboración coas autoridades de transporte da Galiza e do Alto Minho, Xunta de Galicia e CIM Alto Minho, respectivamente, unha guía para implementar un programa piloto de transporte público no contexto do río Miño transfronteirizo.

No vídeo presentado no obradoiro *EU Border Regions: Living labs of European Integration*, no que participaron representantes do AECT Rio Minho, da CIM Alto Minho, da Dirección Xeral de Mobilidade da Xunta de Galicia e a experta convidada polo *b-solutions*, reflectiuse un exemplo dos obstáculos que as rexións transfronteirizas atopan no seu día a día e como o compartir máis servizos permitiría crear unha rexión máis forte e con maior resiliencia.



As rexións fronteirizas están no centro da Unión Europea. Como son territorios onde cruzar a fronteira forma parte da vida diaria, estas rexións son verdadeiros laboratorios de integración europea e as solucións atopadas por estas rexións para obstáculos legais e de cooperación pódense reproducir noutras rexións da Unión Europea.